

Efecto bolboreta

Rosa Aneiros

Campanña Acaba a carreira de Stop Accidentes, 2007

Se, total, para que me vou enganar. Ía deixala antes ou despois, pensou el, nese breve espazo comprimido entre os golpes rave de Prodigy. Change my pitch up, smack my bitch up. Aquela era a canción dos grandes momentos, o tema que marcara todos os seus intres de ira dende a adolescencia. Agora, dende que a súa nai lle deixaba o coche convertérase na máis fiel compañeira de viaxe. Change my pitch up, smack my bitch up. Pero que me deixe ela antes, hai que foderse, iso si que non –recuncou- deixarme ela a min... Petou no volante e acelerou ao ritmo da música. As luces, fóra, fuxían a máis velocidade da permitida. Change my pitch up, smack my bitch up. Non reparou no contaquilómetros, nin na noite que se deitaba precipitadamente sobre o camiño e borraba as sombras das beiravías. Ademais, tiña o cristal dianteiro completamente enzoufado por mor da treboada da tardiña. Disque as nubes viñan de África e, ao esfarelar, deitaran sobre o mundo un manto de area vermella. Tería que ir limpar o coche á mañá seguinte, antes de que a súa nai puxera o berro no ceo. Change my pitch up, smack my bitch up. E, aínda por riba, venres, o peor día do mundo para que a un o deixe a moza. Ao día seguinte saberíao toda a redonda e ía ser o centro de todos os ruxerruxe. Mira, o parvo ese, deixouno ela. De socato pensou: ¿e se había outro tipo? Unha calor inmensa rubiulle dende as tripas ata o rostro. Fervíanlle as orellas de ira. Será cabrona... E a xenreira ía engordando na gorxa ao mesmo ritmo que o acelerador se disparaba cara á fronteira do infinito. As luces que bulían dende as cunetas desertas convertéronse de súpeto nun lóstrego branco e incandescente. Diante, a boca do lobo e el aceleraba e aceleraba, alleo a toda a vertixe que se precipitaba coma un rodopío no oco aberto da noite. Change my pitch up, smack my bitch up. Change my pitch up, smack my bitch up. Change my pitch up, smack my bitch up. Será cabrona a tía esa. A furia impedíalle erguer o pé do acelerador, namentres o limpaparabrisas se enleaba na area deitada sobre o cristal dianteiro. Nin intermitentes, nin cambios de marcha, nin embrague, nin freos. A soas, el, a estrada e mais Prodigy. Change my pitch up, smack my bitch up. Era a única liberación posible a aquela xenreira que o consumía. Coñecía cada centímetro do asfalto que o separaba da casa. Cada curva, cada cambio de rasante, cada semáforo. Fixera aquel percorrido tantas veces que sería capaz de facelo cos ollos pechados. E, decote, pechábaos por uns segundos, ao ritmo da canción ao tempo que cravaba as unllas no volante. Change my pitch up, smack my bitch up. E a cabrona aquela... Seguro que xa andaba a mofarse del coas amigas. ¿Por qué non a deixaría el antes? De súpeto, unha luz intermitente espreguizou dende o asento do copiloto. O móbil. O ollo dereito foi capaz de sentir o seu relampo, a pesares de que o nivel da música lle impedía percibir o son monótono da chamada. Pero soubo que alguén chamaba. O corazón deulle unha volta no peito. E non puido evitar virar a vista cara á pantalla do aparato. E se fose ela. E se recuase. E se se arrepentise. Non o puido evitar. Foron só tres segundos. Nada máis. Xusto o tempo necesario para que a traxectoria do vehículo se desviase bruscamente do seu carril. Só tres segundos. O tempo exacto de invadir momentaneamente a beiravía e volver tomar o control do volante. E, nesa efémera eternidade, o coche bateu con algo bruscamente antes de seguir o seu camiño.

El non veu nada. Non podía velo. Só tiña ollos para a pantalla do móbil que lle marcaba, como unha burla, Publicidade: se activas o RP8 poderás falar gratis cos teléfonos que ti

queiras por só 10 euros ao mes. Xurou varias veces e subiu a música. Cabrona, e aínda pensara en darlle outra oportunidade. Change my pitch up, smack my bitch up. Change my pitch up, smack my bitch up. Change my pitch up, smack my bitch up.

Atrás, comesto pola noite, nun reflexo borroso do retrovisor, un vulto ficaba devorado polo asfalto. A muller que saíra deixar o lixo no contedor non regresaría á casa. Nin tomaría un avión ao día seguinte cara a Addis Abeba. Nin acariñaría por fin o rostro de ilusión ámbar dunha nena que lle cederan en adopción dous anos antes e, por fin, ía coñecer. Foron só tres segundos e, a milleiros de quilómetros, naquel orfanato de Etiopía, unha pícara espertaba sobresaltada no medio da escuridade. Ela non escoitou aquilo de Change my pitch up, smack my bitch up nin veu ningún coche circulando a unha velocidade frenética pero, de socato, soubo que non habería botas de cores para os seus pés descalzos. Naquela efémera eternidade de tres segundos, o bater das ás dunha bolboreta sacudiu o mundo. E só a area africana da treboada da tarde choraba dende un parabrisas que bulía exhausto polo rodopío da noite. Só a area choraba.